

RESUMO DA XUNTA DE PERSOAL

12 de abril de 2023

▪ **Relación de alumnado matriculado por curso e etapa educativa nos centros educativos de Ourense**

O inspector xefe proporcionáanos un listado de centros públicos co número de alumnos e alumnas matriculado por etapa no curso 22/23. Pedímoslle que aparezan os centros concertados e o alumnado por curso. Acordan refacer o listado cos datos da nova matrícula tal e como lle pedimos cando rematen os prazos do período de matrícula. Enviará a información a todas as organizacións sindicais por correo electrónico.

▪ **Estado e previsión de obras nos centros**

En canto á ampliación do CEIP A Inmaculada encargouse un estudo de viabilidade urbanística para ver se é posible. Parece complicado pero aínda non teñen o informe.

Polo que respecta ao IES Ferro Couselo, xa feita a adxudicación das obras, preténdese empezar o curso con normalidade pero a obra ten uns prazos e exceden os dous meses. Acordouse que comezarían antes de rematar o curso intentando interferir o menos posible coa actividade lectiva, e o mesmo cando empece o curso.

Obras de renovación do pavillón do IES Universidade Laboral.

Ampliación dun taller do IES Chamoso Lamas: houbo problemas técnicos co proxecto que se están a solucionar.

Facer un IES en Barbadás: aínda que fai moitos anos houbera un primeiro contacto co concello para a cesión dos terreos, actualmente non hai previsión de facelo. Aténdese ao alumnado destes CEIPs no IES Ferro Couselo.

- **Centro Galego de Innovación da FP Eduardo Barreiros**

Depende directamente da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, non se supervisa o funcionamento dende a XT. Agora mesmo traballan 2 persoas no equipo directivo e 4 asesoras. A directora invita ás organizacións sindicais a visitar o centro e ver os programas que se levan a cabo.

- **Relación de prazas e forma de adscrición en EOE, CFR e conveniadas.**

En canto ao EOE acordaron sacar 2 prazas de Trastornos xeralizados de desenvolvemento e 1 de Deficiencias Sensoriais. A xubilación era da Traballadora Social e non contan que se cubra aínda que non depende desta XT. Se lles pide que saquen a vacante de Orientación educativa e profesional que está sen cubrir dende fai tempo. Dende a XT din que a súa intención é substituír unha por outra, o STEG non está de acordo con esta decisión. O Decreto 120/1998 que regula a orientación recolle que nivel provincial, existirán cando menos profesionais nestes equipos con formación e experiencia na orientación vocacional e profesional, na atención de alumnado con discapacidades sensoriais, motóricas, sobredotación intelectual, trastornos xeneralizados do desenvolvemento e trastornos da conducta. Polo que consideramos que é preceptivo que haxa un como mínimo de cada especialidade, e a partir desta premisa, aumentar o número se é preciso, non substituír. A decisión da XT deixa o EOE da provincia con menos profesionais que outras.

En canto a prazas conveniadas haberá unha praza da ONCE pois queda vacante.

No que respecta ao CFR dende a XT non teñen información das vacantes.

Coméntase ademais que non haberá convocatoria este curso de prazas de atención preferente polo que as que xa están prorrogarse se cumpren as condicións. As novas atencións faranse a través do CADP.

- **Convocatoria da reunión do Comité de Seguridade e Saúde Laboral**

En canto se incorpore a presidenta das súas vacacións haberá reunión. As OOSS din que é necesario que se faga un mapeo de centros con problemática de radón, xa que fai tempo fixéronse medicións e daban niveis moi altos nalgunhas aulas.

- **Rogos e preguntas**

STEG pregunta sobre a vacante de EF do CEIP O Ruxidoiro que non apareceu no CXT. Din que a problemática está en que a xubilación foi con data 7/01/23, non en decembro como se pensaba, polo que corresponde sacar esa praza no seguinte CXT. Non hai ningunha casuística a maiores con esa praza.

